



# INTRA - MURUS

## Un Museo da Romanización no contexto europeo

FACULTADE DE HUMANIDADES  
MÁSTER EN SERVIZOS CULTURAIS  
TRABALLO DE FIN DE MÁSTER

AUTORA: M<sup>a</sup> ANJHARA GÓMEZ RODRÍGUEZ  
DIRECTORA: PROF. DRA. ELENA FREIRE PAZ

# INTRA - MURUS

## Un Museo da Romanización no contexto europeo

FACULTADE DE HUMANIDADES  
MÁSTER EN SERVIZOS CULTURAI  
TRABALLO DE FIN DE MÁSTER

AUTORA: M<sup>a</sup> ANJHARA GÓMEZ RODRÍGUEZ  
DIRECTORA: PROF. DRA. ELENA FREIRE PAZ

ÍNDICE:	Px.
1.- Introducción.....	3
2.- Obxectivos e metodoloxía.....	4
3.- O sistema expositivo en Lugo	
3.1.- Que é un Museo?.....	5
3.2.- Réxime legal do patrimonio arqueolóxico e monumental.....	6
3.3.- As exposicións actuais sobre o mundo romano.....	8
3.4.- Afluencia de visitantes.....	17
4.- Unha volta ao pasado recente. Hemeroteca.....	28
5.- Os actores falan. Entrevistas.....	32
6.- Sobre a necesidade dun museo da romanización en Lugo.....	36
7.- Conclusións.....	38
8.- Bibliografía/Hemeroteca.....	40

## 1. - INTRODUCCIÓN:

A cidade de Lugo é un extenso xacemento arqueolóxico que se estende mais aló do perímetro amurallado. Unha circunstancia apreciable coa simple vista da arquitectura monumental da muralla romana, a ponte ou as termas e que tamén se pon de manifesto cada vez que se levan a cabo obras que afectan ao solo urbano. Aínda que o foco deste traballo está posto no mundo romano, estes achados non só son de época prerromana e romana, senón tamén medievais e modernos, e na actualidade conviven coa contemporaneidade do século XXI. Este traballo trata de ser unha observación reflexiva sobre esa convivencia dos poboadores actuais de *Lucus Augusti* co legado dos seus antepasados. Nesta reflexión tratarase de pescudar a identificación do pobo coas civilizacións que o precederon, así como os avatares aos que estes bens patrimoniais se enfrontan na actualidade para chegar a ser coñecidos pola sociedade. Todo isto tratando a situación expositiva sobre o pasado romano na cidade, afondando na necesidade do establecemento dun Museo da Romanización que tamén actúe como centro de interpretación da romanidade en Lugo e como centro de expresión cultural local, o que supón un elemento diferenciador da poboación e, polo tanto, identificador de pertenza a un grupo, o dos lucenses. Tamén resulta pertinente poñer o foco no lugar designado para acollelo, o cuartel de San Fernando, tanto pola súa historia como pola súa localización *intra-muros*.

Ademais, o patrimonio cultural romano conservado na nosa cidade ten a peculiaridade de que, na súa meirande parte, está conservado *in situ*, polo que está inserido na arquitectura da cidade e, polo tanto, no día a día dos seus cidadáns, o que permite manter e afondar o vínculo emocional entre o pasado romano e a vida actual, converténdose en vehículo de expresión humana e favorecendo a posta en valor destes bens patrimoniais.

Este traballo de investigación estará, polo tanto, dividido en dúas partes. Unha primeira na que se realice unha revisión bibliográfica e hemerográfica que xustifique a necesidade do establecemento dun Museo da Romanización na cidade, así como os primeiros pasos dende o nacemento da idea ata a actualidade; e unha segunda na que se analice a súa repercusión na vida da cidade. A temática deste traballo insírese nos obxectivos do proxecto de investigación europeo *MURUS - Murailles Romaines à l'Unesco et Sociétés (Analyse des dynamiques touristiques et patrimoniales autour d'une candidature à l'Unesco-Le Mans, Lugo, Rome)*.

## 2.- OBXECTIVOS E METODOLOXÍA:

O traballo que se desenvolve neste escrito tratará de afondar nos antecedentes do plantexamento da creación dun Museo da Romanización na cidade de Lugo dende a perspectiva da antropoloxía social. Partindo da orixe romana da cidade, farase un repaso dos sitios arqueolóxicos conservados *in situ* que poden ser visitados na actualidade, das salas expositivas e museos cos que conta a cidade, así como aqueles obxectos que foron recuperados para a súa conservación e exposición, por suposto, resaltando a importancia da muralla romana na configuración da identidade da cidade e dos seus habitantes. Como obxectivo secundario tratarase de testar ata que punto estes restos arqueolóxicos marcan o presente da cidade e dende cando.

A metodoloxía empregada para a elaboración deste traballo parte dunha pescuda hemerográfica para recuperar a opinión publicada e as accións das administracións públicas de cara ao establecemento dun Museo da Romanización na cidade de Lugo durante os últimos vinte anos. Do mesmo xeito, realizouse unha análise cuantitativa sobre a afluencia de visitantes ás salas expositivas con restos romanos da cidade a partir dos datos estatísticos facilitados polo Concello de Lugo e a Rede Museística Provincial. Para completar estes datos, recorreuse á realización de entrevistas persoais a actores que teñen ou tiveron acceso directo ao patrimonio cultural romano lucense ou á súa xestión, coa finalidade de recadar a súa visión persoal sobre a cuestión obxecto de estudo. Finalmente realizouse unha enquisa pública aos lucenses que voluntariamente quixeron participar, que non persigue a consecución duns datos contrastables debido ao restrinxido do seu ámbito de actuación, senón facer unha sondaxe da opinión pública para achegarnos ao sentimento dos cidadáns sobre a romanidade que recolla a consideración popular sobre a súa influencia na vida do Lugo actual.

### 3.- O SISTEMA EXPOSITIVO EN LUGO:

#### 3.1.- Que é un Museo?:

Para falar do sistema expositivo na cidade de Lugo é preciso facer unha delimitación terminolóxica sobre o que se entende por Museo para poder diferenciarlo de outros sistemas. O ICOM ven de definir o Museo o pasado 24 de agosto de 2022 nunha Asemblea Xeral Extraordinaria, quedando a nova definición como segue:

“Un museo es una institución sin ánimo de lucro, permanente y al servicio de la sociedad, que **investiga, colecciona, conserva, interpreta y exhibe** el patrimonio material e inmaterial. Abiertos al público, accesibles e inclusivos, los museos fomentan la diversidad y la sostenibilidad. Con la participación de las comunidades, los museos operan y comunican ética y profesionalmente, ofreciendo experiencias variadas para la educación, el disfrute, la reflexión y el intercambio de conocimientos.” (páx. web do ICOM: <https://icom.museum/es/recursos/normas-y-directrices/definicion-del-museo/>).

Atendendo a esta definición podemos deducir que é requisito indispensable para a consideración de Museo que a institución expositiva leve a cabo labores de investigación e transferencia de coñecementos do seu ámbito de estudo, polo que aquelas institucións que non cumpran con estes elementos non poden ser consideradas Museos, senón salas expositivas. Tendo en conta esta definición cabe preguntarse se as salas dedicadas ao pasado romano existentes na cidade de Lugo poden ser consideradas Museos ou non. A resposta é que algunhas si e outras non como se analizará mais adiante.

O sistema expositivo lucense componse de institucións de longo recorrido, como o Museo Provincial ou o Museo Diocesano Catedralicio, que albergan pezas tanto de carácter artístico como arqueolóxico de diversas etapas históricas, e outras de creación mais recente motivada pola necesidade de dar atención á enorme cantidade de restos arqueolóxicos de orixe romana que viñeron aparecendo na cidade dende o último cuarto do século XX, especialmente dende o ano 1986 no que se levaron a cabo as obras dos tres aparcadoiros subterráneos no centro da cidade dos que se falará mais adiante. Estes centros son: a Sala de Exposicións Porta Miñá o Centro de Interpretación da Muralla de Lugo, a Casa dos Mosaicos ou Domus Oceani, o Centro Arqueolóxico San Roque, e a Domus do Mítreo. A estes centros expositivos debese engadir o Museo Provincial de Lugo xa que actúa non só como exposición permanente de achados arqueolóxicos de orixe

romana, senón tamén como depositaria dos obxectos de investigación á espera da súa posible exposición.

### 3.2.- Réxime legal do patrimonio arqueolóxico e monumental:

A operatividade e eficiencia na difusión do pasado romano destes centros expositivos vese afectada polo seu réxime de titularidade e xestión, na que participan diferentes administracións públicas (Estado, Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Concello de Lugo) e outras entidades como a Universidade de Santiago de Compostela, que á súa vez delegan a xestión das salas expositivas en empresas privadas de xestión cultural. Indubidablemente, a titularidade e competencia sobre os bens de interese cultural ven atribuída legalmente ao Estado español pola Constitución Española no seu artigo 149.1.28<sup>a</sup>:

“1. El Estado tiene competencia exclusiva sobre las siguientes materias:

28.<sup>a</sup> Defensa del patrimonio cultural, artístico y monumental español contra la exportación y la expoliación; museos, bibliotecas y archivos de titularidad estatal, sin perjuicio de su gestión por parte de las Comunidades Autónomas.”

No caso galego, esta competencia está derivada, en canto á xestión dos bens de titularidade estatal, á Comunidade Autónoma de Galicia, que á súa vez ten a titularidade dos bens de interese para Galicia en virtude do artigo 27.18 do Estatuto de Autonomía que dispón:

“En el marco del presente Estatuto corresponde a la Comunidad Autónoma gallega la competencia exclusiva de las siguientes materias:

Dieciocho. Patrimonio histórico, artístico, arquitectónico, arqueológico, de interés de Galicia, sin perjuicio de lo que dispone el artículo ciento cuarenta y nueve, uno, veintiocho, de la Constitución; archivos, bibliotecas y museos de interés para la Comunidad Autónoma, y que no sean de titularidad estatal; conservatorios de música y servicios de Bellas Artes de interés para la Comunidad.”.

Así pois, observamos unha duplicidade de competencias das institucións políticas en diferentes niveis administrativos, que interveñen de xeito directo ou indirecto no establecemento e funcionamento do sistema expositivo e que non sempre actúan de xeito coordinado, como se desprende dos datos recadados dos actores entrevistados que se analizarán mais adiante. Na cidade de Lugo a titularidade dos bens de orixe romana

pertence á Xunta de Galicia, pero a xestión das exposicións e xacementos está delegada á Deputación Provincial para o Museo Provincial de Lugo e ao Concello de Lugo para a Sala Porta Miñá, O Centro de Interpretación da Muralla, así como para os xacementos musealizados *in situ* Centro Arqueolóxico San Roque e Domus Oceani. A Universidade de Santiago de Compostela xestiona na actualidade a Domus do Mitreo. Estas diferenzas na xestión destes centros implican diferenzas tamén na organización, difusión e posibilidade de estudo dos bens arqueolóxicos.

A obriga de protección sobre os bens culturais ven determinada no noso país pola Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español, que no seu artigo primeiro establece los obxectivos da lei e delimita os obxectos culturais a protexer:

“Artículo primero

1. Son objeto de la presente Ley la protección, acrecentamiento y transmisión a las generaciones futuras del Patrimonio Histórico Español.

2. Integran el Patrimonio Histórico Español los inmuebles y objetos muebles de interés artístico, histórico, paleontológico, arqueológico, etnográfico, científico o técnico. También forman parte del mismo el patrimonio documental y bibliográfico, los yacimientos y zonas arqueológicas, así como los sitios naturales, jardines y parques, que tengan valor artístico, histórico o antropológico.

Asimismo, forman parte del Patrimonio Histórico Español los bienes que integren el Patrimonio Cultural Inmaterial, de conformidad con lo que establezca su legislación especial.”

A CCAA de Galiza, no cumprimento das súas competencias en materia de cultura, promulgou a súa propia Lei 5/2016, de 5 de maio, de Patrimonio Cultural de Galicia, pola que establece a titularidade daqueles bens de interese para a comunidade autónoma no seu artigo 1.2:

“2. El patrimonio cultural de Galicia está constituido por los bienes muebles, inmuebles o manifestaciones inmateriales que, por su valor artístico, histórico, arquitectónico, arqueológico, paleontológico, etnológico, antropológico, industrial, científico y técnico, documental o bibliográfico, deban ser considerados como de interés para la permanencia, reconocimiento e identidad de la cultura gallega a través del tiempo”.

Pero, ademais de ser obxecto de protección cultural no espazo nacional, existe una esfera superior na que os bens culturais destas características teñen interese de protección

e difusión, o espazo común europeo, no que os bens da civilización antiga contribúen a conformar unha identidade cultural europea común, polo que encaixa nos estándares de democratización cultural aos que tenden as distintas Conferencias Internacionais sobre cultura, así como a UNESCO, á hora de seleccionar os bens que haberán de conformar o patrimonio que se pretende facer chegar a tódolos públicos.

### 3.3.- As exposicións actuais sobre o mundo romano:

Para poder facer unha composición de lugar das exposicións lucenses, a continuación expónse unha breve descrición de cada un dos centros obxecto de estudo deste traballo, así como das súas actividades, destacando nomeadamente aquelas infraestruturas que xogaron un papel importante na vida da cidade romana, como é o caso das termas, o acueduto, a ponte romana e, por suposto, a muralla. Os lucenses, xeración tras xeración, xa sabiamos que a cidade de Lugo contaba co legado de Roma, pero a abundante difusión de novas derredor do descubrimento de restos arqueolóxicos dende os anos 80 do século XX xeraron expectativas de coñecemento e identificación dos lucenses co seu legado histórico.

Indubidablemente, a cidade de Lugo no seu conxunto é unha xoia arqueolóxica, xa nomeada no ano 1837 polo arquitecto Alejo Andrade Yañez no seu informe para a Real Academia de Historia, no que sinalaba que “de los pueblos de Galicia que había recorrido para examinar diversas obras públicas, ninguno le había ofrecido tantos motivos para la contemplación ni un conjunto de fragmentos antiguos como la ciudad de Lugo” (Abel, 1995-1996:10). Non é este, non obstante, o primeiro nin o único eloxio á antiga cidade de Lugo, cuxos monumentos xa foran destacados por varios autores con anterioridade, como é o caso de Bartolomé Molina na súa *Descripción del Reino de Galicia* de 1550, o pai fray Manuel Risco no tomo XL da *España Sagrada* de 1796, ou Juan Pallares y Gayoso no seu *Argos Divina* do ano 1700 (Ibidem:11).

Así pois, sendo consciente da enorme relevancia dos obxectos de estudo deste traballo para facer chegar o legado romano aos lucenses, comezo esta composición de lugar polo **Museo Provincial de Lugo**, a institución museística mais antiga da cidade. A súa orixe remóntase á creación dun Museo Arqueolóxico en 1871 a instancia da Comisión de Monumentos Históricos e Artísticos, constituída o 29 de setembro de 1844 (Abel 1995-1996:10) baixo a necesidade de protexer e conservar os bens culturais que se atopaban nun limbo como resultado do proceso desamortizador do século XIX. Para a fundación

do Museo Provincial de Lugo aínda habería que agardar ata 1932, ano no que foi creado pola Deputación Provincial. É de destacar que, neste momento histórico, coa II República, viviuse un renacer do interese pola cultura, as artes e as letras que propiciou o nacemento de movementos culturais e asociativos de cidadáns interesados e preocupados pola preservación e difusión do noso patrimonio cultural que foron o acicate popular para a creación do Museo Provincial (Balseiro, 2017:1546). A implicación do pobo na preservación da cultura é un elemento constante na vida do Museo dende os seus inicios, como proba “una elevada afluencia de ingresos de fondos, sobre todo procedentes de particulares que se vuelcan y comprometen con la aparición del primer museo público de la ciudad” (Balseiro, 2017:1548).




Ilustración 1. Primeira guía do Museo Provincial 1947

Como se ve, dende a súa orixe, o Museo Provincial ten vocación arqueolóxica, de feito alberga unha gran cantidade de aras votivas, ten unha colección numismática considerable e conserva o mosaico recuperado da lucense rúa Armañá entre outros obxectos, aínda que é depositaria de coleccións diversas e heteroxéneas de época prerromana e romana ata a actualidade. Así mesmo, é preciso sinalar que o Museo Provincial de Lugo sempre fixo unha labor de divulgación dos seus fondos e dos estudos levados a cabo sobre estes obxectos, primeiro creando unha guía do Museo no ano 1947 (ilustración 1), mais adiante mediante publicacións vinculadas á súa Xunta Xestora e finalmente no seu propio Boletín. Unha vez sinaladas estas características

do Museo Provincial de Lugo, é pertinente rescatar aquela definición de Museo emitida polo ICOM coa que se abría este capítulo, reparando en que, de todos os centros expositivos que se tratarán neste traballo, o Museo Provincial é o único que cumpre con todos os requisitos recollidos para ter a consideración de Museo xa que, aínda que todos son centros públicos, accesibles, sen ánimo de lucro, abertos á comunidade e exhiben o patrimonio que albergan nunha función divulgadora, como mais adiante se verá, ningún deles investiga e interpreta o patrimonio, nin conta con servizos de publicacións culturais

periódicas que fagan unha función de transferencia de coñecementos á comunidade científica e á cidadanía.

Os seguintes centros non poden ser considerados museos segundo a definición do ICOM anteriormente referida, e tampouco son salas expositivas *stricto sensu*, senón que a razón da súa ubicación e organización ven determinada porque son xacementos para os que se pensou que a mellor opción era ser musealizados *in situ*. Estes son a *Domus Oceani*, tamén chamada Casa dos Mosaicos (Ilustración 2), o Centro Arqueolóxico San Roque e a *Domus do Mitreo*.



Ilustración 2: *Domus Oceani*, vista xeral

O descubrimento da *Domus Oceani* (tamén chamada Casa dos Mosaicos) tivo lugar a raíz do achado dun pavimento de mosaico na rúa Batitales, hoxe Doutor Castro que, segundo a restauradora Rosa Benavides, algúns autores sitúan derredor do ano 1760. Do que si se conservan datos é do seu descubrimento, de xeito casual, no 1842, ao facer unha gabia para a realización dunha canalización, deixando á vista o mosaico segundo os apuntes publicados por Antonio Luís de Arnau (Abel, 1995-1996:16). Naquel momento a obra foi suspendida e o mosaico recuberto ante a imposibilidade de retiralo sen destruílo, ata o ano 1880 en que unha sección foi finalmente removida para realizar unha obra para un sumidoiro público. Ao longo do século XX os mosaicos da *Domus Oceani*, así

chamada por representar o seu mosaico máis destacable ao deus *Océano*, sufriron un gran deterioro como quedou constatado polas escavacións levadas a cabo baixo a dirección de Enrique González entre os anos 1999 e 2000, que puxeron de manifesto a existencia dunha magnífica *domus* romana de finais do século III (Benavides, 2006:15) polo que se decidiu conservala *in situ* e difundila ao público.

O **Centro Arqueolóxico San Roque** constitúe un elemento protector depositario dos restos arqueolóxicos que saíron á luz, de novo de xeito fortuíto, debido a unhas escavacións anexas á Capela de San Roque entre os anos 1989 e 1991, amosando unha necrópole romana situada cronoloxicamente entre os séculos I e IV (Benavides, 2006:19), na que destacan un gran estanque duns 25 metros cadrados (Ilustración 3), un forno de oleiro e dous sepulcros.



*Ilustración 3: Estanque. Necrópole de San Roque.*

É pertinente mencionar que este achado encóntrase nunha zona próxima Á Mosqueira, unha localización adxacente ao recinto amurallado que se acondicionou como Campo da Feira da cidade nos anos 1917 e 1918 e na que, durante estes traballos, se atoparon restos dunha necrópole, da que temos coñecemento, aínda que dun xeito impreciso, gracias ás anotacións tomadas polos fundadores do Museo Arqueolóxico da cidade, Alfredo Lorenzo López e Luís López Martí, así como por outros lucenses

afeccionados á Historia como Manuel Vázquez Seijas, Ramón Castro López ou Amador Montenegro Saavedra (Sánchez, 2012:22). O xacemento non se documentou nin excavou perdéndose desafortunadamente a información contida nel para sempre. Desta zona da cidade consérvase no Arquivo de Simancas un plano datado no ano 1757 do que se descoñece o autor (Ilustración 4), que documenta restos de sepulturas no entorno da Porta de San Pedro, onde estaba a Capela do mesmo nome, e na zona de A Moqueira onde se atopaba o Campo da Feira (Sánchez, 2012:25).



Ilustración 4: Plano exterior da Porta de San Pedro. 1757. Arquivo Xeral de Simancas. LXI-72

No ano 1973 tivo lugar unha nova intervención no lugar ao desmantelarse o antigo Campo da Feira para construír a Estación de Autobuses, e de novo no 1986 con motivo das obras para a realización dun aparcadoiro subterráneo na Praza da Constitución (Ilustración 5), aparecendo unha gran cantidade de restos dunha necrópole de época tardorromana (Sánchez, 2012:27) e onde o profesor Felipe Arias Vilas sitúa o inicio da metrópole romana (Ibidem:30). A aparición destes achados durante as obras supuxeron unha enorme convulsión da que a sociedade se fixo eco, polarizando a situación entre partidarios e detractores das obras, cando o 17 de marzo de 1986 o xacemento apareceu arrasado pola empresa construtora (Dragados y Construcciones), a pesar de estar a obra paralizada pola realización das catas arqueolóxicas que se estaban a levar a cabo para valorar a situación do xacemento, dando lugar a unha polémica que colonizou os medios de comunicación. Deste feito dá testemuña o diario *La Voz de Galicia* que publicaba que Fernando Acuña, catedrático de Arqueoloxía da Universidade de Santiago de Compostela (USC), aseguraba que permitir eses aparcadoiros, como tiña ocorrido noutras cidades

galegas, era un acto propio de bárbaros (<https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/lugo/2021/03/11/35-anos-lugo-dividia-ante-obras-aparcamientos-subterranos/00031615492107112508925.htm> ). Os arqueólogos encargados pola Xunta para as prospeccións arqueolóxicas acusaron de vandalismo á empresa construtora. Acuña, Felipe Arias, Bieito Pérez y Xosé Carlos Sierra, chegaron a dimitir dos seus postos na Comisión Técnica de Arqueoloxía de Galicia.



Ilustración 5: Excavación Praza da Constitución, 1986. Arqueolucus

O último xacemento musealizado *in situ* referido neste traballo é a **Domus do Mitreo** (Ilustración 6). Esta *Domus* apareceu baixo o antigo Pazo dos Montenegro que fora adquirido pola USC no ano 1998, e forma parte dun conxunto arquitectónico arqueolóxico integrado, xunto coa Casa do Saber, no edificio da Vicerreitoría de Coordinación da Universidade de Santiago de Compostela (USC) para o Campus de Lugo, achegando, deste xeito, a Universidade ao centro da cidade, e realizando ao tempo accións de rehabilitación na edificación que contribuísen á dinamización do centro histórico da cidade (Rodríguez, 2021:19).

Para as obras de rehabilitación e acondicionamento planeáronse diferentes actuacións arqueolóxicas que se levaron a cabo en tres fases. A primeira delas acometeuse no ano 2000 e, debido á enorme importancia dos achados arqueolóxicos atopados, a Xunta de Galicia levou a cabo, baixo a súa financiación, una segunda fase no ano 2003. Esta colaboración entre Xunta de Galicia y USC posibilitou a firma dun convenio de colaboración no ano 2006 para a posta en valor e protección dos restos arqueolóxicos

entre a Consellería de Cultura da Xunta de Galicia, a USC e o Concello de Lugo, constituíndo a terceira fase (Rodríguez, 2021:8-9). Na actualidade este xacemento está sendo xestionado pola USC.

A intervención arqueolóxica realizouse sobre un espazo de mais de 600 metros cadrados, que sacou á luz evidencias de ocupación humana neste lugar e o seu entorno dende época Alto Imperial (27 a.C. – 284 d.C.) ata a construción da Muralla en época Baixo Imperial (284 – 476), que provocou o derrubamento de parte da *Domus* debido ao trazado da fortificación (Rodríguez, 2021:55).

A extraordinaria importancia da *Domus* radica no descubrimento dun edificio anexo no que se situaba un *mitrhaeum* ou mitreo, lugar de culto ao dios Mitra, unha divindade oriental, que supón o templo mais occidental adicado a esta divindade dentro dos límites do Imperio romano e un dos dous únicos descubertos na Península Ibérica (Rodríguez, 2011:18-19).



Ilustración 6: Domus do Mitreo na actualidade. Vista xeral.

Neste xacemento levouse a cabo un proxecto de difusión denominado “*Anastilosis virtual de “A Domus do Mitreo de Lucus Augusti”*”. Este proxecto baseouse na intención de recrear virtualmente o espazo do xacemento aplicando a arqueoloxía na xeración de espazos virtuais, de modo que a reprodución que se consiga sexa o resultado das distintas interpretacións e hipóteses científicas, dando lugar a unha representación fidedigna do pasado. A anastilose é un proceso de reconstrución arqueolóxico dun monumento en

ruínas utilizando os materiais orixinais atopados no lugar do xacemento, de modo que este proceso técnico virtual estende esta definición analoxicamente á reconstrución informática do monumento, realizando una presentación virtual en tres dimensións que proporcione aos visitantes unha experiencia inmersiva no xacemento, retrotraéndose ao seu momento funcional.



*Ilustración 7: Recreación do patio da Domus por anástilose virtual. Paco Boluda.*



*Ilustración 8: Sala de exposicións Porta Miñá.*

A sala de exposicións **Porta Miñá** (Ilustración 8), situada no edificio do antigo matadoiro municipal datado do século XIX, ten a súa orixe na necesidade de crear un espazo que acollese a gran cantidade de achados arqueolóxicos de orixe romana que tivo lugar a partir das obras dos aparcadoiros subterráneos de 1986, nacente como unha exposición temporal no ano 1996, no que abre as súas portas ao público. Esta sala acolle un recorrido histórico polo Lugo romano estruturado en catro partes, dende a orixe da cidade coa instalación do campamento romano derredor do século I a.C. ata a época de declive coa chegada dos suevos no século V., todo iso mediante a inclusión de elementos gráficos explicativos e, como non, coa exposición de numerosos achados que configuraban a vida cotiá de *Lucus Augusti*.



Ilustración 9: Centro de Interpretación da Muralla.

Por último, o **Centro de Interpretación da Muralla**, situado na céntrica Praza do Campo, constitúese como unha sala expositiva aberta ao público dende o 24 de maio de 2008 na que se explica a orixe, o contexto, a historia e a evolución do mais senlleiro monumento da cidade dende a época Baixo imperial, momento da súa construción.

A muralla é o principal símbolo da identidade dos lucenses e da historia da cidade, sendo recoñecido Patrimonio da Humanidade pola UNESCO en novembro do ano 2000. É a única fortificación romana do mundo que se conserva completa, pero máis aló diso,

a súa singularidade radica en que é un monumento vivo, acollido e utilizado polos lucenses como paseo diario dende o século XIX, e inserido no imaxinario colectivo como elemento de identificación popular, e esa singular interacción do pobo co patrimonio é o que lle outorga á nosa muralla un valor especial. Deste xeito, a existencia dun centro dedicado á mesma preséntase como algo indispensable xa que, no monumento e a súa contorna, non poden ser despregados carteis explicativos debido á súa consideración como Patrimonio da Humanidade. A exposición está dividida en tres plantas do mesmo edificio, correspondendo cada planta con unha época histórica diferenciada. Na primeira planta amosase o momento da construción da muralla así coma os motivos e técnicas construtivas. A segunda planta expón a situación e avatares da muralla durante a época medieval e moderna, unha época de gran inestabilidade política e social. E a terceira planta fálanos da muralla no momento actual remarcando o carácter social do monumento.

### 3.3.- Afluencia de visitantes:

A creación de salas expositivas e museos sempre ten unha dobre finalidade, por unha banda a salvagarda e protección do patrimonio cultural e, por outra, a educación e difusión dos bens culturais á poboación, para o que é preciso un estudo previo dos mesmos e unha planificación expositiva. A afluencia de público ás diferentes salas museísticas aquí tratadas, en números totais é moi variable de unhas a outras, tal como se pode observar nas ilustracións 10 e 11, segundo os datos aportados pola Concellería de Cultura do Concello de Lugo e o Museo Provincial, do que desgraciadamente non foron proporcionadas enquisas de asistencia anteriores ao ano 2012, así como as correspondentes ao ano 2019 e 2021, polo que existen unhas lagoas de datos que se descoñecen. De igual modo contamos con ausencia de datos de asistencia de público á *Domus do Mitreo* para os anos 2019 e 2020.

Etiquetas de fila	2017	2018	2019	2020	2021	2022
Centro Arqueolóxico San Roque	1515	1997	2563	991	1915	2532
Centro Interpretación da Muralla	45270	42631	44608	16796	27481	38649
Domus do Mitreo	15138	3477			14024	12681
Domus Oceani	18051	19015	27036	2650	20469	31061
Museo Provincial	110760	114400		10228		33168
Porta Miñá	3850	4318	5267	2024	3731	5145
Total general	194584	185838	79474	32689	67620	123236

Ilustración 10: Comparativa do número de visitantes aos centros expositivos com restos romanos. Anos 2017- 2022.

Non obstante, contando cos datos que están a dispor, o museo máis visitado con anterioridade á pandemia é o Museo Provincial de Lugo, seguido do Centro de Interpretación da Muralla, que mesmo no ano 2022 superou ao Museo Provincial en número de visitantes, a *Domus Oceani*, a *Domus do Mitreo*, a Sala de Exposicións Porta Miñá e finalmente o Centro Arqueolóxico San Roque, que é o que menos visitas recibe.




Ilustración 11: Comparativa de asistencia ás salas expositivas. Anos 2017 a 2022.

Como se pode observar na gráfica número 11 existe un antes e un despois do ano 2020 en canto á afluencia de público ás salas museísticas da cidade. A pesar dos datos ausentes pódese comprobar que antes da pandemia de *Covid*, o Museo Provincial era a institución



Ilustración 12: Comparativa de asistencia por salas expositivas. Anos 2017 – 2022.

que máis visitantes recibía seguido do Centro de Interpretación da Muralla, levando ata ese momento unha traxectoria de constante aumento de público nos anos anteriores (Ilustración 12). A irrupción do *Covid* paralizou tódalas actividades culturais, tal como se pode comprobar nas gráficas 11 e 12, que amosan un descenso radical no número de visitantes no ano 2020, deixando a súa pegada tamén na lenta recuperación de visitantes no ano 2021, e provocando que o número de asistentes ás salas expositivas romanas durante os dous anos seguintes estivese máis igualado entre elas. Como se comentou anteriormente, no ano 2022 o Centro de Interpretación da Muralla recibiu máis visitantes que o Museo Provincial (38.649 persoas fronte a 33.168) e aproximouse á afluencia de visitantes anterior á pandemia de 2020.

Nesta enorme variación nas visitas ás diferentes exposicións poden influír diferentes factores. O primeiro é a antigüidade da institución, que afecta directamente ao coñecemento da súa existencia pola poboación, non só nun nivel físico senón tamén de vinculación emocional. O segundo é a difusión que as administracións públicas fan das exposicións, xa que, de non existir publicidade sobre as mesmas non é posible que a poboación as coñeza. Un terceiro factor, que enlaza coa publicidade das exposicións, é o interese e atractivo que estas poidan ter para a poboación de xeito que a mova a visitalas. Débese ter en conta a este respecto que o Museo Provincial é unha institución na que se expoñen, tanto de xeito permanente como temporal, unha multiplicidade de disciplinas artísticas de diferentes épocas históricas, así como unha enorme variedade de achados arqueolóxicos non só de orixe romana, polo que a gran afluencia de público do Museo Provincial anterior á pandemia con respecto ás demais exposicións, pode ser explicada pola atracción da súa multidisciplinariedade. Así mesmo, cada unha das salas expositivas veu sufrindo ao longo do tempo variacións no volume de afluencia de público, agás o Centro de Interpretación da Muralla, que mantivo un nivel de visitas constante e crecente. Tamén a *Domus Oceani* mantivo un volume de asistencia bastante regular coa excepción do ano 2020. Isto pódese comprobar nas seguintes gráficas:




Ilustración 13: Domus Oceani

Ilustración 14: Centro de Interpretación da Muralla.



Ilustración 15: Sala de Exposicións Porta Miñá.

Ilustración 16: Centro Arqueolóxico San Roque.

Tamén existe variación no volume de asistencia respecto das diferentes épocas do ano común a tódalas salas, sendo normalmente a época de menor afluencia os meses de inverno, seguindo unha traxectoria ascendente ata a época de máis afluencia, que son os meses de verán, provocada polo aumento no fluxo turístico como se verá ao analizar a procedencia dos visitantes (Ilustracións 25 e 26), para de novo descender progresivamente durante os meses de outono e inverno. A modo de exemplo inclúense a continuación as gráficas correspondentes ao Centro de Interpretación da Muralla entre os anos 2010 e 2021 que exemplifican a constante referida (Ilustracións 17 a 22).





Ilustración 17: Estatística de asistencia por meses. Centro de Interpretación da Muralla. Anos 2010 – 2011.




Ilustración 18: Estatística de asistencia por meses. Centro de Interpretación da Muralla. Anos 2012 – 2013.




Ilustración 19: Estatística de asistencia por meses. Centro de Interpretación da Muralla. Anos 2014 – 2015.




Ilustración 20: Estatística de asistencia por meses. Centro de Interpretación da Muralla. Anos 2016 – 2017.




Ilustración 21: Estatística de asistencia por meses. Centro de Interpretación da Muralla. Anos 2018 – 2019.




Ilustración 22: Estatística de asistencia por meses. Centro de Interpretación da Muralla. Anos 2020 – 2021.

Estas gráficas diferencian asistencia individual e grupal, polo que se pode observar que o número de asistentes individuais aumenta exponencialmente os meses de verán, constituíndo a práctica totalidade das visitas, mentres que o número de visitas grupais, aínda que sempre menos numerosas, son máis abundantes nos meses de primavera e outono, debido sobre todo ás visitas escolares.

En canto á asistencia en función do grupo de idade dos visitantes, podemos distinguir entre nenos (ata 14 anos), xoves (15 a 30 anos), adultos (31 a 65 anos) e terceira idade. O grupo predominante nas visitas aos centros expositivos é o grupo de adultos, tal como se pode observar nas seguintes gráficas correspondentes á sala Porta Miña entre os anos 2015 e 2018 que se axuntan a modo de exemplo.




Ilustración 23: Grafica comparativa de clasificación de visitantes por idades. Sala Porta Miña 2015-2016.




Ilustración 24: Grafica comparativa de clasificación de visitantes por idades. Sala Porta Miña 2017-2018.

Finalmente, é pertinente valorar que porcentaxe dos visitantes totais observados ao principio deste apartado se corresponde con visitantes locais, provinciais, nacionais e estranxeiros. Para isto imos botar unha ollada ás estatísticas a través das gráficas incorporadas a continuación referidas á *Domus Oceani* ou Casa dos Mosaicos dos anos 2017 a 2019.

	CIUDAD	PROV.	OTROS	ESP.	ESTRAX.	TOTAL		CIUDAD	PROV.	GAL.	ESP.	ESTR.	TOTAL
ENERO	210	98	65	160	18	551	ENERO	181	105	41	143	46	516
FEBRERO	173	88	123	236	14	634	FEBRERO	153	50	88	134	83	508
MARZO	183	74	180	161	22	620	MARZO	293	254	310	662	106	1625
ABRIL	371	266	267	800	139	1843	ABRIL	266	115	211	395	69	1056
MAYO	313	60	220	269	189	1051	MAYO	311	122	315	444	250	1442
JUNIO	499	115	285	387	205	1491	JUNIO	542	114	410	633	283	1982
JULIO	392	112	443	1435	260	2642	JULIO	252	65	303	1458	378	2456
AGOSTO	253	162	358	2582	360	3715	AGOSTO	314	30	319	2721	399	3783
SEPT.	333	102	227	1052	310	2024	SEPT.	58	2	17	1951	71	2099
OCTUBR.	216	207	408	533	141	1505	OCTUBR.	292	175	383	538	137	1525
NOV.	355	92	153	143	67	810	NOV.	228	115	171	287	60	861
DICIEMB.	321	106	233	447	58	1165	DICIEMB.	306	55	233	513	55	1162
<b>TOTAL</b>	<b>3619</b>	<b>1482</b>	<b>2962</b>	<b>8205</b>	<b>1783</b>	<b>18051</b>	<b>TOTAL</b>	<b>3196</b>	<b>1202</b>	<b>2801</b>	<b>9879</b>	<b>1937</b>	<b>19015</b>

Ilustración 25: Taboas de visitantes según procedencia Domus Oceani 2017 e 2018.

	CIUDAD	PROV.	GAL.	ESP.	ESTRAX.	
ENERO	136	20	119	229	28	532
FEBRERO	173	23	119	208	55	578
MARZO	217	34	284	324	64	923
ABRIL	335	83	367	1225	235	2245
MAYO	276	85	541	582	368	1852
JUNIO	541	86	282	1069	462	2440
JULIO	386	46	362	2848	604	4246
AGOSTO	458	114	416	6158	834	7980
SEPT.	280	31	310	1882	695	3198
OCTUBR.	268	68	297	912	344	1889
NOV.	255	43	256	418	104	1076
DICIEMB.	324	100	311	691	94	1520
<b>TOTAL</b>	<b>3649</b>	<b>733</b>	<b>3664</b>	<b>16546</b>	<b>3887</b>	<b>28479</b>

Ilustración 26: Visitantes según procedencia. Domus Oceani 2019.

Como se pode comprobar coa revisión das táboas correspondentes coas ilustracións 25 e 26, o número de visitantes ten un sentido crecente ata a pandemia de *Covid* do ano 2020, como xa se ten comentado, pero ese aumento de asistentes ven determinado polo incremento dos fluxos turísticos tanto nacionais como estranxeiros, xa que o número de visitantes da cidade veuse mantendo estable, con pequenas oscilacións, durante os últimos anos (3.619 no ano 2017, 3.196 no 2018 e 3.649 no 2019). Destes

datos pódese detraer que a porcentaxe de visitantes locais desta sala durante o 2017 é do 20 por cento do total das visitas (Ilustración 27).




Ilustración 27: Porcentaxe de asistencia segundo procedencia. Domus Oceani 2017.

Co incremento do número de asistentes nos seguintes anos varía a porcentaxe de visitantes locais que, aínda que se mantén estable en números enteiros, baixa en porcentaxe en beneficio do incremento de visitantes doutros puntos da xeografía nacional e internacional de xeito constante ata o ano 2020 (ver ilustración 28).




Ilustración 28: Visitantes segundo procedencia Domus Oceani.

Para completar estas estatísticas considerei oportuno preguntarlle á poboación sobre a súa visión da situación expositiva do mundo romano na cidade e sobre o seu sentimento de pertenza a este grupo humano, o dos lucenses herdeiros do legado romano. Esta consulta fíxose a través dunha enquisa de quince preguntas que foi difundida por redes sociais, chegando a participar na mesma 258 persoas con rangos de idade dende 18 anos en adiante. A súa finalidade é meramente orientativa, pois o alcance da mesma non

posibilita establecer resultados científicamente inmutables, pero si permite ilustrar o sentimento popular.

A meirande parte dos participantes corresponden ao rango de idade de adultos, entre 41 e 65 anos, alcanzando ao 67% dos participantes, seguidos polos adultos xoves (26-40 anos) con un 24%, os maiores de 65 anos con un 7% e finalmente os novos (18 a 25 anos) con un 2% de participación. O 81 % dos participantes na enquisa reside nunha área urbana e o 19 % nunha área rural. Se ben a concentración de habitantes é maior en zonas urbanas, esta observación pode ser interesante de cara a contemplar se a cultura resulta ou non máis accesible a residentes en zonas urbanas que a residentes en zonas rurais.

Ao ser preguntados sobre o seu interese persoal no coñecemento do asentamento romano e prerromano na cidade de Lugo o 48% admitiu ter moito interese, o 46% dixo ter bastante interese e o 6% ningún interese. É destacable que entre as persoas consultadas o 94% ten algún grao de interese en coñecer o pasado da cidade.

5. Se contestou afirmativamente á pregunta anterior, sinala as salas que coñece. Pode marcar varias opcións.

[Máis detalles](#)




Ilustración 29: Salas expositivas segundo grao de coñecemento pola poboación.

En canto ao coñecemento das salas expositivas da cidade, o 39% afirma coñecelas todas, o 57% coñece algunha delas e o 4% non coñece ningunha (Ilustración 29). De este coñecemento derivase a posibilidade de asistencia de visitantes locais ás salas expositivas da cidade, de xeito que o 15% ten feito máis de cinco visitas a estas salas nos últimos 5 anos, o 56% ten asistido entre unha e cinco veces, o 25% unha vez, e só o 5% dos enquisados non visitou nunca as exposicións referidas (Ilustración 30). Cabe destacar que o 59% dos enquisados consideran que as exposicións lucenses teñen carencias

informativas que dificultan a comprensión plena das mesmas, o que fai que necesiten recorrer a persoal que as explique, un dato a ter en conta para a reflexión, sobre todo se a difusión á poboación é un elemento fundamental das exposicións, para a que se require claridade e coherencia expositiva.

#### 7. Cantas veces visitou estas salas ou museos? (0 punto)

[Máis detalles](#)

[Información sobre datos](#)

● Ningunha vez	12
● 1 vez	64
● 1- 5 veces	144
● Mais de 5 veces	38



Ilustración 30: Recorrenza de visitas ás salas expositivas.

Outro dato a ter en conta é que o 79% dos participantes na enquisa consideran que os centros expositivos da cidade non están suficientemente promocionados, afirmando ter que facer buscas persoais para organizar as súas visitas, considerando ademais o 63% dos enquisados que a difusión da cultura romana polas administracións públicas é un elemento fundamental no desenvolvemento da vida da cidade (Ilustración 31).

#### 11. Considera que a difusión da cultura romana polas administracións públicas é un elemento fundamental no desenvolvemento da vida da cidade?

[Máis detalles](#)

[Información sobre datos](#)

● Si, totalmente de acordo.	162
● Si, é un elemento importante pe...	92
● Non, é un elemento que dificult...	4



Ilustración 31: Difusión da cultura romana polas administracións públicas como aposta de futuro.

Preguntados se, como lucenses, se identifican co pasado romano e prerromano da cidade, o 92% dos usuarios respondeu “Si, o pasado romano da cidade é un elemento identificador dos lucenses.”, o que non fai senón confirmar o sentimento de identidade

cultural que o mundo romano xenera na poboación e que actúa como elemento cohesionador da sociedade (Ilustración 32).

12. Vostede como lucense identifícase co pasado romano e prerromano da cidade? ((

[Máis detalles](#)

[Información sobre datos](#)

- Si, o pasado romano da cidade ... 235
- Non, as civilizacións anteriores ... 23



Ilustración 32: O pasado romano como configurador da identidade cultural dos lucenses.

En canto á creación do tan esperado Museo da Romanización para a cidade, o 83% dos enquisados considera que “é preciso un centro de interpretación da romanidade que permita o estudo e difusión do patrimonio romano da cidade.”. O restante 17% dos participantes considera que as salas xa existentes fan unha función suficiente de conservación e difusión do mundo romano (Ilustración 33).

14. Considera necesaria a creación dun Museo da Romanización en Lugo? (0 punto)

[Máis detalles](#)

[Información sobre datos](#)

- Si, é preciso un centro de interp... 213
- Non, existen outras salas exposi... 45



Ilustración 33: Necesidade dun Museo da Romanización en Lugo.

Como se observa, desta consulta á poboación pódese detraer o gran atractivo que o mundo romano ten para os cidadáns e o interese que amosan porque ese legado sexa protexido e promocionado adecuadamente, isto debido, indubidablemente, ao elevado grao de identificación dos lucenses co mundo romano, un sentimento de pertenza persoal que afecta á esfera emocional e que nos vincula a este lugar, xa sexa por nacemento ou residencia.

#### 4.- UNHA VOLTA AO PASADO RECENTE: A HEMEROTECA:

A creación dun Museo sobre a Romanización na cidade de Lugo é un proxecto largamente agardado e moi desexado polos lucenses se atendemos aos datos referidos no capítulo anterior. Un proxecto ideado hai 22 anos que sufriu unha multiplicidade de avatares polos que aínda non foi executado. Neste repaso hemerográfico tratarase de reflexar o por que.


No ano 2001, a Xunta de Galicia creou a Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico, unha idea pola que o goberno autonómico quería configurar ao longo da xeografía galega unha rede de museos arqueolóxicos, situando na provincia de Pontevedra o Parque Arqueolóxico da Arte Rupestre, localizado en Campo Lameiro, en A Coruña o Parque Arqueolóxico do Megalitismo da Costa da Morte, situado en Cabana de Bergantiños derredor do Dolmen de Dombate, en Ourense o de cultura castrexa no Castro de San Cibrao de Lás, e en Lugo o Museo da Romanización. Destes centros o único que queda sen executar é o de Lugo.

O 23 de setembro de 2002 *La Voz de Galicia* publica que a Consellería de Cultura confirma que Lugo terá un centro sobre a romanización e introdúcese o debate entre os diferentes grupos políticos do Concello sobre a súa localización (a antiga sede do Banco de España e O Carme foron as primeiras localizacións contempladas), poñendo de manifesto un problema longamente estendido como é a falta de espazos adecuados para o almacenamento e conservación da enorme cantidade de achados existentes na cidade que están dispersos polas diferentes salas expositivas e dependencias tanto municipais como da Deputación, incluso nas casas dos arqueólogos, como subliñou Felipe Arias na súa entrevista, o que se tratará máis adiante. Débese ter en conta que os achados expostos nas salas museísticas son só unha pequena parte dos fondos arqueolóxicos existentes, de entre os cales se fai unha escolla para amosar aos visitantes. Tamén se reclama polo tanto, como elemento esencial, que o museo teña departamento investigador.

A finais do ano 2002 entra en escena o antigo cuartel de San Fernando aínda que non como museo senón como sede do novo auditorio. O 12 de novembro *La Voz de Galicia* publica que o Concello de Lugo “comprará directamente el citado edificio (ao Ministerio de Defensa por máis de dous millóns de euros) y ya no necesitará construir un inmueble alternativo” para instalar o novo auditorio da cidade. Inicialmente o cuartel de San Fernando ía ser dedicado a auditorio, unha idea que foi descartada finalmente pois, o

proxecto de remodelación do edificio alteraba a súa estrutura de xeito tal que provocou a emisión dun informe desfavorable do ICOMOS en maio de 2007 polo impacto negativo que tería o proxecto sobre a muralla romana e pola afección ao propio edificio. Coa finalidade de dotar ao edificio do antigo cuartel dun nivel maior de protección incoouse un expediente de declaración de Ben de Interese Cultural (BIC) que culminou con este recoñecemento no ano 2009 polo Decreto 359/2009 de 9 de xullo.

Xa no ano 2008, ante a emisión do referido informe do ICOMOS sobre a remodelación do cuartel de San Fernando para auditorio, a Xunta de Galicia e o Concello de Lugo chegaron a un acordo para a creación dun Museo da Romanización no mesmo, momento no que o cuartel pasa a ser a súa localización definitiva mediante a cesión gratuíta que o Concello fai á Xunta de Galicia, segundo o recollido polo diario *El Correo Gallego* do 8 de febreiro de 2008. Esta cesión non se fixo efectiva ata máis de dous anos despois que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia, o 8 de xuño de 2010.



La desaparición de las caballerizas permitirá ganar un espacio público que se aprovechará para una nueva construcción que acogerá un auditorio y salas  
Roberto Varela y Orozco presentaron el diseño ganador del concurso, de los autores del monumento del 11-M

## La reforma de San Fernando empezará en el 2011 y costará diez millones

Ilustración 34: Portada de *La Voz de Galicia* de 16 de xuño de 2010.

O 16 de xuño de 2010 o Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia publica que o concurso para a rehabilitación do cuartel de San Fernando como Museo da Romanización xa ten proxecto gañador (<http://www.coaglugo.es/es/noticias/191/buj-colon-arquitectos-proyecto-ganador-para-la-rehabilitacion-del-cuartel-de-san-fernando-como-centro-de-interpretacion-e-museo-da-romanizacion/>) do que tamén se fan eco na mesma data outros diarios como *La Voz de Galicia* (Ilustración 34), anunciando o goberno da Xunta que se

dispuñan de 10 millóns de euros para executar o proxecto, fixándose como límite o ano 2012 para a contratación das obras. Pero no ano 2013 a predisposición da Xunta de Galicia muda cos titulares das Consellerías de Cultura e Patrimonio que abandonan o proxecto. O tempo pasa e o proxecto non se executa. O cuartel de San Fernando, declarado BIC no ano 2009, está a deteriorarse pola falta de ocupación e mantemento tal como publica o diario *ABC* o 7 de maio de 2014, segundo o cal:

“El Ayuntamiento de Lugo se vio obligado a acordonar una parte del perímetro del Cuartel de San Fernando, un edificio declarado Bien de Interés Cultural (BIC) y situado a escasos metros de la Muralla romana de la ciudad – Patrimonio de la Humanidad - como consecuencia de los desprendimientos que se venían produciendo sobre la vía pública”.

O Concello pide á Xunta que faga as inversións necesarias para garantir a conservación do edificio e a Xunta contesta que non é a súa responsabilidade. Os distintos niveis da administración (local e autonómica) non se poñen de acordo sobre as obrigas de mantemento do edificio que é de titularidade municipal pero cuxa xestión xa fora trasgada no 2014 á institución autonómica para a súa rehabilitación e o establecemento do Museo da Romanización, continuando á espera do cumprimento do protocolo firmado entre o goberno local e a Xunta para que esta asumise a propiedade do cuartel. Deste xeito sucédense as escusas dunha e outra banda para non cumprir cos gastos de mantemento do edificio, como se reflicte na publicación do *Diario de Pontevedra* de 31 de xullo de 2014, no que a Consellería de “Cultura dice que la rehabilitación del cuartel de San Fernando le corresponde al gobierno local”.

Nesta tesitura chegamos ao 2016, no que o diario *Praza.gal* publica “O esquecido e ruinoso cuartel de Lugo recibe un chisco de osíxeno económico”. Neste momento, o Concello e a Xunta de Galicia dispoñíanse a asinar un convenio que permitise realizar, alo menos, as obras de mantemento necesarias para que o Cuartel seguise en pé, con unha inversión conxunta de 180.000 euros.

Sen ningunha outra acción para transformar o antigo cuartel de San Fernando nun Museo da Romanización integrado na Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico, no ano 2019 aparece de novo o debate sobre a localización do museo ao ser proposto o Museo Interactivo da Historia de Lugo (MIHL) para acolle-lo Museo da Romanización, segundo nova de prensa de *La Voz de Galicia* de 25 de novembro de 2019, sedo esta unha sala expositiva que nin por distribución (subterránea) nin por localización (fora do centro da

cidade) se axusta ás necesidades dun Museo da Romanización segundo os expertos. A polémica da localización mantívose xa que, como publicaba a sala de prensa da Xunta de Galicia ([https://www.xunta.gal/hemeroteca/-/nova/096594/xunta-expone-proyecto-integral-para-rehabilitar-recuperar-los-usos-del-cuartel?langId=es\\_ES](https://www.xunta.gal/hemeroteca/-/nova/096594/xunta-expone-proyecto-integral-para-rehabilitar-recuperar-los-usos-del-cuartel?langId=es_ES)) e *La Vanguardia* o 11 de decembro de 2019, o conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, facendo un extraordinario exercicio de imaxinación, apoiaba o traslado do Museo da Romanización ao MIHL para converter o cuartel de San Fernando nun “parador-museo”, inserindo esta proposta no denominado “Proxecto Integral para o impulso do turismo cultural en Lugo” ao que o Concello de Lugo se opuxo dende un inicio.

Neste momento xa tiñan pasado 18 anos dende que se crease a Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico e se propuxese a implantación dun Museo da Romanización en Lugo, e en todo este tempo os achados arqueolóxicos seguiron a sufrir problemas para a súa conservación e custodia. O 16 de decembro de 2019 *La Voz de Galicia* publicaba que o Concello almacenaba en caixas, en diversas localizacións municipais, máis de 15.000 restos arqueolóxicos de titularidade autonómica (lembramos que legalmente os achados arqueolóxicos de interese para a CCAA son de titularidade da mesma segundo o artigo 1.2 da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia) á agarda de dispor dunha localización adecuada para o seu estudo e conservación, que se ve absolutamente limitado debido á ausencia dun emprazamento adecuado, polo que o Concello segue a reclamar a constitución do Museo da Romanización e, ademais, no cuartel de San Fernando por situarse no casco histórico, un valor engadido e un polo de atracción para os visitantes.

Ese mesmo ano, o 21 de decembro, o diario *El Progreso* faise eco dunha iniciativa popular e anónima que, aproveitando o Nadal, reivindicaba o Museo da Romanización para o cuartel de San Fernando con unha postal (Ilustración 35).



Ilustración 35:

Postal anónima de Nadal,  
2019.

Esta iniciativa constata que o Museo da Romanización é unha necesidade para os lucenses, que toman acción reivindicando e defendendo a súa implantación no vello cuartel de San Fernando, proponendo ao tempo o acrónimo “*MURO*” como denominación para o museo, que fai á vez referencia ao monumento máis senlleiro da cidade, a muralla romana.

Xa no pasado ano 2022, *La Voz de Galicia* anunciaba o 22 de abril que o Concello tiña previsión de iniciar a reforma do cuartel de San Fernando para transformalo en Museo da Romanización mediante unha inversión duns 12 millóns de euros con cargo ás axudas do Plan de Recuperación “Next Generation”, presuposto no que non está incluído o proxecto de musealización nin os gastos de adecuación do proxecto de rehabilitación que fora seleccionado 12 anos atrás e que nunca chegou a ser adxudicado.

O 14 de outubro de 2022 *La Voz de Galicia* publicaba que o Ministerio de Cultura “se compromete a impulsar el plan director del Museo da Romanización” pero sen concretar ningunha acción, mentres dende o Concello se reclamaba a implicación da Xunta no proxecto de musealización. O 24 de outubro do mesmo ano anunciase polo diario *La Voz de Galicia* que o Concello e a Xunta de Galicia chegaran a un acordo de cofinanciación para a creación conxunta de “un gran museo de la romanización en el cuartel de San Fernando”. Tanto a previsión da recepción dos fondos “Next Generation” como a aportación da Xunta ao proxecto, son aínda promesas, anhelos da sociedade lucense que leva máis de vinte anos agardando polo tratamento digno do seu legado histórico, da súa identidade ao fin e ao cabo, por mor dos desacordos das administracións.

## 5.- OS ACTORES FALAN. ENTREVISTAS:

Como se ven observando ao longo deste traballo, a historia dos achados arqueolóxicos e a protección do patrimonio de orixe romana na cidade de Lugo non está exenta de avatares de diversa índole, que van dende a destrución deliberada do patrimonio ata a desidia das administracións na disposición dos medios axeitados para a correcta conservación e estudo dos bens. A visión que os expertos e actores partícipes do desenvolvemento dos feitos aquí relatados teñen sobre os mesmos antóllaseme fundamental para rematar de compoñer a deriva do tratamento do patrimonio romano da cidade de Lugo. Para isto entrevistouse ao ex-alcalde da cidade entre os anos 1999 e 2015, José Clemente López Orozco; ao arqueólogo responsable da escavación do xacemento da

Praza de Santo Domingo no ano 1986 e máis adiante profesor da USC, Antonio Rodríguez Colmenero; á profesora de Historia Antiga da USC e directora da Domus do Mitreo, Dolores Dopico Caínzos; e ao que fora Director Xeral de Patrimonio en Galiza e fundador do Museo do Castro de Viladonga entre outros moitos cargos na súa prolífica carreira, Felipe Arias Vilas. Tamén se tratou de entrevistar ao historiador Adolfo de Abel Vilela, o que non foi posible polo momento.

Para todos os entrevistados, agás o profesor Colmenero que sinala outro momento, existe un punto determinante na toma de conciencia popular da importancia do legado romano na cidade de Lugo, a declaración da muralla como Patrimonio da Humanidade en novembro do ano 2000. Felipe Arias destaca que o importante da declaración foi que os lucenses caeron na conta de que a muralla era un patrimonio de gran valor, non só polas propias características físicas do monumento, como son a súa antigüidade e integridade, senón polo uso social que os habitantes da cidade faciamos del. Felipe Arias sinala que “os países máis desenvolvidos do mundo son os que protexen o seu patrimonio, o que vai calando na opinión pública, porque é defender a identidade propia e a riqueza patrimonial”. Para Orozco, a consecución da declaración chamou aos lucenses a sentir orgullo de pertenza á cidade e a identificarse co seu pasado romano, do que non só somos debedores do coñecemento acadado dos achados e patrimonio monumental que nos legaron, senón tamén de elementos inmateriais como a nosa linguaxe e outras características intanxibles, poñendo de manifesto que o legado romano non só se restrinxen ao ámbito material, algo que tamén destaca o profesor Colmenero e reclama a súa inclusión no futuro Museo da Romanización como se verá ao falar dese respecto. A profesora Dolores Dopico coincide con tódolos entrevistados en que para os lucenses o legado romano forma parte da súa identidade cultural e senten interese por este pasado traéndoo ao presente. Para a profesora, o feito de que o centro comercial da cidade se chame “As Termas”, no que se reproduce un mosaico, que o hospital recibise o nome de “Lucus Augusti” por votación popular, ou a extraordinaria participación dos cidadáns nos actos que deron lugar á declaración da muralla como Patrimonio da Humanidade son indicativos desta identidade. Para Antonio Colmenero, o momento determinante para que a cidade de Lugo tomase conciencia da súa propia importancia remóntase ao ano 1986, cando chegou a Lugo para coordinar a escavación do xacemento da Praza de Santo Domingo por mor da construción dos aparcadoiros soterrados. Lembra que nese momento practicamente o único legado á vista na cidade era a muralla, xa que non había case nada

escavado nin de xeito sistemático. Manifesta que a empresa construtora recibiu con reticencias e intención de arrasar o xacemento (como ocorreu coa necrópole da Praza da Constitución) pero, a partir da primeira semana de estar a traballar na cidade percibiu que, tanto dende os medios de comunicación locais como dende a sociedade, asomaba a aceptación e o interese polo seu traballo e os achados que alí apareceron.

En canto á configuración dos centros expositivos da cidade e o tratamento dos achados arqueolóxicos polas administracións públicas, os entrevistados seguiron unha liña semellante con diferentes matizacións. A profesora Dopico sinalou a problemática da inflación de administracións implicadas na xestión dos restos romanos en Lugo, o que dificulta a coordinación na tutela, estudo e exposición dos bens. A Deputación é a entidade xestora do Museo Provincial, o Concello das salas expositivas e xacementos visitables municipais, a Universidade de Santiago de Compostela é a xestora da Domus do Mitreo, a Xunta encargase da protección e mantemento da Muralla e a súa contorna, e o Arcebispado é o titular do Museo Catedralicio Diocesano, que tamén alberga algunhas pezas de orixe romana. Dolores Dopico manifesta que, por enriba das diferentes administracións de goberno, “históricamente la ciudad es una” polo que a súa disposición expositiva debe ser conxunta ou alo menos dunha forma que sexa razoablemente lóxica de xeito que exista unha coordinación expositiva. A profesora recomenda, dende o punto de vista da divulgación, a realización dun recorrido conxunto para visitar monumentos e salas seguindo un recorrido construído segundo unha lóxica histórica, porque na súa opinión, a situación expositiva global non ofrece aos visitantes a posibilidade de entender a cidade no seu conxunto. Para Felipe Arias na cidade de Lugo non existe unha planificación museística global nin unha metodoloxía sobre onde depositar os achados, sinalando así a problemática para a custodia e conservación de bens non expostos, que viñan sendo albergados polo Museo Provincial pero que deixou de recibilos, polo que houberon de buscar alternativas temporais de depósito, espallando os achados en multiplicidade de localizacións municipais, o depósito do Museo do Castro de Viladonga e mesmo as casas dos arqueólogos. O nacemento da Sala de exposicións Porta Miñá foi a resposta municipal a esta necesidade de custodiar os bens arqueolóxicos que foron aparecendo abundantemente dende as escavacións dos aparcadoiros soterrados en 1986. Felipe Arias destaca, ao igual que Dolores Dopico, que sempre houbo duplicidade entre Concello e Xunta á hora de xestionar os achados romanos polo que o sistema expositivo en Lugo non é unha rede porque non funciona como tal. José López Orozco sinala, ao

respecto da situación expositiva na cidade, que dende o Concello, a partir da declaración de Patrimonio da Humanidade da muralla, trataron de realizar accións de posta en valor e difusión dos bens arqueolóxicos que se sabía que existían, mediante diferentes accións que foron dende a instalación de ventás arqueolóxicas, que non tiveron o mellor resultado debido ás condicións climáticas da cidade, ata a apertura de salas museísticas.

O establecemento en Lugo dun Museo da Romanización ou Galaico-romano parte dun compromiso autonómico, como se puxo de manifesto no capítulo 4 dedicado a hemeroteca, pero tamén dunha necesidade para a cidadanía e para os expertos consultados. Para o ex-alcande Orozco, a pesar da existencia dos centros expositivos abertos ao público na actualidade, o Museo da Romanización é preciso para agrupar nunha única localización elementos expositivos, zonas de estudo e de reunión de investigadores multidisciplinares derredor da romanidade no noso territorio, sen que isto provoque a merma ou desaparición das salas preexistentes, e para outorgar un lugar á multitude de restos que, como xa se puxo de manifesto, continúan almacenados en caixas e disgregados en diferentes localizacións. Para a profesora Dopico, a existencia dun Museo da Romanización consolidaría a explicación da cidade romana sempre que se faga no seu proxecto museístico un traballo científico sólido. Felipe Arias pronunciase no mesmo sentido, avogando pola configuración do museo coma un centro de investigación e considerándoo absolutamente necesario, tendo en conta a enorme cantidade de materiais arqueolóxicos romanos existentes que non se atopan nunha situación axeitada de conservación tanto dende o punto de vista do seu uso cultural, turístico, social ou patrimonial. O profesor Rodríguez Colmenero considera interesante o establecemento do Museo da Romanización de ser proxectado cientificamente e incluíndo no seu seo o legado romano tanto tanxible como intanxible, xa que non só se restrinxe ao ámbito material como xa se ten referido. Non obstante, non considera imprescindible a constitución dun gran museo e presenta a idea de que os centros expositivos que xa existen poidan acoller un museo único en diferentes lugares da cidade, de xeito que, con un percorrido adecuadamente planificado o visitante poida entender a cidade no seu conxunto.

O *Arde Lucus* supón a manifestación popular da identificación co legado romano, nacido dunha iniciativa do grupo do goberno do Concello no ano 2001 que os habitantes de Lugo adoptaron con relativa rapidez. Orozco manifesta que a intención da administración coa posta en marcha desta celebración perseguía poñer en valor o legado

romano mediante a realización de actividades culturais nun ambiente festivo o que, indubidablemente, reconece que ten un valor turístico que repercute positivamente na economía da cidade. Para Dolores Dopico, o *Arde Lucus* é unha actividade lúdica que actúa como pretexto para incrementalo turismo e as actividades económicas, pero non garda fidelidade histórica e lamenta a perda de oportunidades de promocionar culturalmente a cidade se existisen, dende o goberno municipal, iniciativas para promover o rigor histórico nas actividades desenvolvidas, como por exemplo a distribución dun manual municipal que sinale unhas directrices sobre vestimenta e como reproducila así como actividades. Para Felipe Arias a deriva actual do *Arde Lucus* ven dunha celebración que en orixe tomou a fonte máis bárbara da antigüidade (as loitas de gladiadores, as orxías...) pero co paso do tempo foise reconducindo e foron aparecendo outros elementos de tipo cultural que serviron a unha función de identificación e unificación social, para que a poboación asumira o seu pasado.

#### 6.- SOBRE A NECESIDADE DUN MUSEO DA ROMANIZACIÓN EN LUGO:

Ao longo deste traballo veuse aprofundando sobre a situación expositiva do Lugo romano na cidade, sobre a precariedade da conservación dunha gran parte dos bens arqueolóxicos romanos e prerromanos que non teñen unha ubicación axeitada, así como sobre a consideración que estes centros e achados merecen da poboación e dos expertos. Do referido ata o momento pódese extraer que a necesidade do establecemento en Lugo dun Museo da Romanización inserido na Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico, longamente posposto pola administración autonómica, é urxente para solucionar uns problemas persistentes no patrimonio arqueolóxico lucense, que son, en palabras de Felipe Arias, o perigo de que se perda un edificio histórico singular como é o cuartel de San Fernando, que o Museo da Romanización non teña un sitio axeitado para a súa instalación e, por último pero non menos importante, que tódolos materiais arqueolóxicos do Lugo romano almacenados ata o momento non teñan un destino nin unha situación adecuada tanto dende o punto de vista patrimonial como do seu uso cultural e divulgativo.

No repaso hemerográfico levado a cabo no apartado 4 expúxose como se chegou á determinación de establecer o futuro Museo da Romanización no vello cuartel de San Fernando. Como xa se adiantou, esta edificación é unha construción histórica que foi declarada Ben de Interese Cultural en xullo do ano 2009. A historia do cuartel remóntase

ao mes de xaneiro de 1779 baixo o reinado de Carlos III, sendo ministro de guerra o Conde de Ricla, o gran impulsor do proxecto (Regueiro, 2009:107), cando se decide levantar na cidade de Lugo un cuartel para dar acollida a soldados inválidos e ás tropas que chegaban á cidade con destino a distintas localizacións do antigo Reino de Galicia, que non tiñan onde resgardarse senón era nas casas dos propios veciños (Regueiro, 2009:102). Dende que se solicitase polo Concello a construción do cuartel en 1749, baixo o reinado de Fernando VI, ata que efectivamente comezaron as labores de construción en 1779 houberon de pasar 30 anos.

Os motivos polos que se elixiu esa localización poden ser varios. En primeiro lugar, os terreos designados para levantar o cuartel de inválidos lindaban co antigo Hospital de San Bartolomé, que ocupaba o espazo no que hoxe se levanta o Colexio da Milagrosa na Praza do Ferrol, e esa proximidade sen dúbida era estratéxica á hora de atender aos soldados enfermos. Ademais, os terreos atopábanse dentro da muralla, resgardados das inclemencias do tempo e próximas á, por aquel tempo, recentemente aberta porta de San Fernando que comunicaba a cidade cara A Coruña. Por outra banda, o feito de contar cun caudal permanente e abundante de auga nesta zona da cidade tamén debeu ser determinante (Regueiro, 2009:107, 108). Así, en 1779, asígnouse o proxecto arquitectónico do cuartel ao enxeñeiro militar Bartolomé Amphoux Bonavia (Ibidem) que se trasladou á cidade para realizalo. Este proxecto non foi concluído por falta de presuposto e o edificio foi entregado ao Comandante do Corpo de Inhábiles Juan Javier Barregoso en 1790 (Regueiro, 2009:112). O 25 de febreiro de 1864 elabórase un novo plano e alzado que define o cuartel co mesmo aspecto que ten na actualidade (Ibidem: 113).

Este edificio, que fora hospital militar e cuartel de infantaría, foi adquirido polo Concello de Lugo como frustrado auditorio municipal, como xa se adiantou no capítulo 4 deste traballo, e finalmente elixido para albergar o tan desexado Museo da Romanización. Dende o 2019 viuse sometido a unha nova polémica ao suxerirse dende o goberno autonómico o traslado do museo ao MIHL para instalar no vello cuartel un “parador-museo” dentro do “Proxecto Integral para o impulso do turismo cultural en Lugo”, unha idea polémica que puxo en pé aos defensores da constitución do futuro Museo da Romanización en San Fernando entre os que se atopa a plataforma *MURO*. En palabras de Felipe Arias:

“unha presunta política de centros museísticos ou xenericamente culturais que resulta enganosa e falaz, pois esquece as necesidades e demandas patrimoniais, e máis especificamente arqueolóxicas, da cidade de Lugo...sen ter en conta as tres funcións básicas deste tipo de centros: a conservadora (coas imprescindibles condicións de almacenaxe seguro, a maiores dos traballos de restauración, de ser o caso), a investigadora e científica (que inclúe, entre outras, as labores de inventario e catalogación), e a divulgadora ou comunicadora por medio da exposición museográfica (cun especial papel para o traballo didáctico e social)”.

Ademais destas consideracións, cabe destacar que, nin na Lei 5/2016 de Patrimonio Cultural de Galicia, nin na Lei 7/2021 de Museos e outros Centros Museísticos, aparece contemplada a figura do “parador-museo”.

Por outra banda, segundo os expertos, o MIHL non ten capacidade para albergar a inxente cantidade de materiais arqueolóxicos existentes na actualidade como xa se ten referido, iso sen contar cos materiais romanos e galaico-romanos de fóra da provincia que puidesen ser albergados por un museo de carácter autonómico dedicado en exclusiva á romanidade en Galiza.

Tanto das testemuñas recompiladas como dos datos rescatados ao longo do tempo de espera para a constitución dun Museo da Romanización na cidade débese concluír que, o seu establecemento, non só é unha necesidade social de coñecemento e divulgación, senón unha cuestión de operatividade investigadora e científica e de outorgar aos bens patrimoniais romanos unha localización que permita unha custodia digna como patrimonio público.

## 7.- CONCLUSIÓNS:

A riqueza arqueolóxica da cidade de Lugo non pode ser considerada separadamente como ocorre coas salas expositivas actuais, de xeito que cada unha delas actúa como compartimento estanco sen comunicación coas outras salas e sen continuidade expositiva entre elas, ou configuradas como un elemento illado do contexto urbano, xa que tódolos elementos arqueolóxicos e inmateriais, tanto os útiles cotiás, como os costumes e festividades e os elementos monumentais configuran un marco social e urbano que cobra sentido considerado en conxunto. As salas expositivas da cidade non están estruturadas nin funcionan como unha rede expositiva intercomunicada que ofrezca

ao público unha visión coordinada do Lugo romano mediante a suma de cada unha das súas partes. Cada un destes centros expositivos viñeron aparecendo en diferentes momentos como resposta á necesidade de dar acollida á enorme cantidade de achados arqueolóxicos atopados na cidade ou como protección aos xacementos musealizados *in situ*, establecéndose como entidades independentes unhas de outras, incluso entre aquelas cuxa xestión depende do mesmo organismo.

Estas salas son, polo tanto, o resultado de achados fortuítos as que se lles deu unha solución no momento sen establecer unha planificación expositiva municipal conxunta. A creación dun Museo da Romanización, ou Museo Galaico-Romano, viría a dar solución aos problemas referidos ao longo deste traballo, actuando como elemento unificador dos bens, elementos, achados e monumentos da cidade, posibilitando unha explicación lóxica e outorgando unha localización digna aos bens almacenados, facilitando o seu estudo ademais de constituírse como un foro de intercambio e transferencia de coñecementos, o que non é óbice para que se desenvolva unha planificación expositiva conxunta e coherente para as salas xa existentes. Os datos de afluencia ás exposicións lucenses referidos no capítulo 3, tanto de visitantes locais como de fóra da cidade (nacionais e estranxeiros), dan conta da demanda social e do interese que a cidade de Lugo suscita como centro arqueolóxico galaico-romano máis importante do noroeste peninsular. Os achados arqueolóxicos merecen un lugar digno para a súa conservación, a investigación demanda un sitio axeitado que a fomente, e a divulgación precisa unha coherencia e lóxica de traballo que posibilite que a explicación da romanidade no noso territorio poida ser entendida no seu conxunto.

Como anunciaba na introdución deste traballo, o patrimonio cultural romano conservado na nosa cidade ten a peculiaridade de estar inserido na arquitectura da cidade, como ocorre cos xacementos musealizados *in situ*, a muralla ou a ponte romana. Estas dúas últimas infraestruturas mantéñense en uso, polo que forman parte da vida diaria dos habitantes da cidade e os visitantes poden experimentalas, o que permite manter e afondar o vínculo emocional entre o pasado romano e a vida actual para os locais, e abraiar aos foráneos, converténdose en vehículo de expresión humana, favorecendo a posta en valor destes bens patrimoniais, que merecen e agardan un centro museístico que sexa capaz de explicar esta longa e complexa relación dignamente e con rigor científico.

## 8.- BIBLIOGRAFÍA:

- Abel Vilela, Adolfo De. “La sociedad lucense y la arqueología”. *Boletín do Museo Provincial de Lugo n° 7*. Lugo: Deputación Provincial, 1995-1996, 7-28.
- Balseiro García, Aurelia. “Creación de la colección arqueológica del Museo Provincial de Lugo”. *Boletín del Museo Arqueológico Nacional, n° extra 35*. Madrid: Ministerio de Cultura y Deporte, 2017, 1545 – 1557.
- Benavides García, Rosa. “La recuperación del legado romano de la ciudad de Lugo: tres yacimientos visitables”. *Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga n° 16*. Compostela: Consellería de Cultura e Deporte, 2006, 15-30.
- Colmenero Fernández, Alicia; Rodríguez Cao, Celso. “Anastilosis Virtual de “A Domus Do Mitreo De Lucvs Avgvsti”. *Virtual Archeology Review, Vol. 3, n° 5*, 2012, 104-108.
- Constitución Española, 29 de Decembro de 1978.
- Decreto 359/2009 de 9 de xullo polo que se declara ao Cuartel de San Fernando Ben de Interese Cultural.
- Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, do Estatuto de Autonomía para Galicia.
- Lei 16/1985, de 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
- Lei 5/2016, de 4 de maio, del Patrimonio Cultural de Galicia.
- Louzao Martínez, Francisco Xavier. “O Cuartel de San Fernando de Lugo”. Lugo: Concello de Lugo, 2017.
- Regueiro Burgo, M<sup>a</sup> Jesús. “El ingeniero militar Bartolomé Amphoux Bonavia y su proyecto de construcción del cuartel de Inválidos de San Fernando de Lugo”. *Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga n° 19*. Compostela: Consellería de Cultura e Deporte, 2009, 98-115.
- Rodríguez Cao, Celso. “Proxecto de exposición “Da Domus do Mitreo á USC” e dinamización do Centro Arqueolóxico do Vicerreitorado do Campus de Lugo da USC”. Lugo: Servicio de publicacións da USC, 2011.
- Rodríguez Cao, Celso. “La Domus del Mitreo: un enclave singular en Lucus Augusti”. Lugo: Deputación de Lugo, 2021.

- Sánchez Milão, María Carmen. “Sobre la Necrópolis Romana del Campo de la Feria de Lugo: Descubrimiento y destrucción del patrimonio arqueológico”. *Boletín da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga n° 22*. Compostela, Consellería de Cultura e Deporte, 2012, 20-33.

- [www.domusdomitreo.com](http://www.domusdomitreo.com)

- [www.museoslugo.gal/inicio](http://www.museoslugo.gal/inicio)

#### 9.- HEMEROTECA:

8/2/2023 [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/lugo/2023/02/08/lugo-recurrira-ayudas-turismo-xunta-rehabilitar-cuartel-san-fernando/00031675870827203641860.htm?utm\\_source=email&utm\\_medium=referral&utm\\_campaign=share&utm\\_content=00031675870827203641860](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/lugo/2023/02/08/lugo-recurrira-ayudas-turismo-xunta-rehabilitar-cuartel-san-fernando/00031675870827203641860.htm?utm_source=email&utm_medium=referral&utm_campaign=share&utm_content=00031675870827203641860)

28/11/2022 <https://www.venagalicia.gal/noticia/2022/11/28/22-hitos-muralla-romana-lugo-tras-22-anos-patrimonio-humanidad/00031669630394711997673.htm>

1/11/2022 [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2022/11/01/san-fernando/0003\\_202211L1C8992.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2022/11/01/san-fernando/0003_202211L1C8992.htm)

24/10/2022 <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2022/10/24/xunta-concello-lugo-uniran-fuerzas-crear-gran-museo-romanizacion-cuartel-san-fernando/00031666613739574232681.htm>

14/10/2022 <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2022/10/14/ministerio-cultura-compromete-impulsar-plan-director-museo-da-romanizacion/00031665756761874408676.htm>

22/04/2022 <https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/lugo/2022/04/22/reforma-cuartel-san-fernando-guiara-proyecto-2010/00031650623065509415878.htm>

23/1/2022 [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/lugo/2022/01/23/lugo-aumenta-perfil-turistico-promover-red-hispania-romana/0003\\_202201L23C3992.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/lugo/2022/01/23/lugo-aumenta-perfil-turistico-promover-red-hispania-romana/0003_202201L23C3992.htm)

30/11/2020 <https://www.20minutos.es/noticia/4493567/0/orozco-rememora-el-recuerdo-imborrable-de-la-declaracion-de-la-muralla-de-lugo-como-patrimonio-de-la-humanidad/>

30/12/201 9 [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/opinion/2019/12/30/contrapolitica-cultural/0003\\_201912G30P12993.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/opinion/2019/12/30/contrapolitica-cultural/0003_201912G30P12993.htm)

21/12/2019 <https://www.elprogreso.es/articulo/lugo/museo-romano-tiene-nombre/201912211506561413754.html>

17/12/2019 [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/2019/12/17/miles-piezas-almacenadas-justifican-museo-segun-mendez/0003\\_201912L17C1992.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/2019/12/17/miles-piezas-almacenadas-justifican-museo-segun-mendez/0003_201912L17C1992.htm)

12/12/2019 <https://tur43.es/turismo-norte-espana/un-parador-de-cuatro-estrellas-en-lugo-la-nueva-propuesta-de-xunta.html>

11/12/2019 <https://www.lavanguardia.com/local/galicia/20191211/472181134192/galicia-la-xunta-aboga-por-llevar-el-museo-de-la-romanizacion-al-mihl-y-convertir-el-cuartel-de-san-fernando-en-un-parador-museo.html>

11/12/2019 [https://www.xunta.gal/hemeroteca/-/nova/096594/xunta-expone-proyecto-integral-para-rehabilitar-recuperar-los-usos-del-cuartel?langId=es\\_ES](https://www.xunta.gal/hemeroteca/-/nova/096594/xunta-expone-proyecto-integral-para-rehabilitar-recuperar-los-usos-del-cuartel?langId=es_ES)

25/11/2019 [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/2019/11/22/puede-encajar-mihl-museo-da-romanizacion/0003\\_201911L22C1992.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/2019/11/22/puede-encajar-mihl-museo-da-romanizacion/0003_201911L22C1992.htm)

6/9/2019 [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/lugo/2019/09/06/enesimo-desencuentro-cuartel-san-fernando/0003\\_201909L6C1992.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/lugo/2019/09/06/enesimo-desencuentro-cuartel-san-fernando/0003_201909L6C1992.htm)

15/2/2018 [https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/lugo/2018/02/15/museo-proyecto-pagado/0003\\_201802L15C3993.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/lugo/lugo/2018/02/15/museo-proyecto-pagado/0003_201802L15C3993.htm)

16/1/2016 <https://praza.gal/cultura/o-esquecido-e-ruinoso-cuartel-de-lugo-recibe-un-chisco-de-osixeno-economico>

31/7/2014 <https://www.diariodepontevedra.es/articulo/galicia/cultura-dice-que-la-rehabilitacion-del-cuartel-de-san-fernando-le-corresponde-al/20140731152800257120.html>

7/5/2014 <https://www.abc.es/local-galicia/20140507/abci-acordonan-cuartel-fernando-desprendimientos-201405071156.html>

25/07/2010 [https://elpais.com/diario/2010/07/25/galicia/1280053101\\_850215.html?event\\_log=go](https://elpais.com/diario/2010/07/25/galicia/1280053101_850215.html?event_log=go)

16/6/2010 [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2010/06/16/reforma-san-fernando-empezara-2011-costara-diez-millones/0003\\_8551857.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2010/06/16/reforma-san-fernando-empezara-2011-costara-diez-millones/0003_8551857.htm)

8/6/2010 <https://concellodelugo.gal/es/noticias/el-ayuntamiento-le-cede-la-xunta-el-cuartel-de-san-fernando>

8/2/2008 <https://www.elcorreogallego.es/hemeroteca/acuerdo-nuevo-auditorio-centro-romanizacion-lugo-AACG262442>

12/11/2002 [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2002/11/12/concello-pagara-23-millones-euros-cuartel-san-fernando/0003\\_1319667.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2002/11/12/concello-pagara-23-millones-euros-cuartel-san-fernando/0003_1319667.htm)

23/09/2002 [https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2002/09/23/cultura-confirma-lugo-tendra-centro-sobre-romanizacion/0003\\_1244097.htm](https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/lugo/2002/09/23/cultura-confirma-lugo-tendra-centro-sobre-romanizacion/0003_1244097.htm)

<http://www.coaglug o.es/es/noticias/191/buj-colon-arquitectos-proyecto-ganador-para-la-rehabilitacion-del-cuartel-de-san-fernando-como-centro-de-interpretacion-e-museo-da-romanizacion/> (proxecto seleccionado 2010)